



IES CAMPO DE SAN ALBERTO  
CURSO 2020-2021

# ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMIENTO

Resumo do “Plan de adaptación á situación  
COVID 19 no curso 2020-2021”

Contacta con nós:  
Teléfono: 881 867 135  
Email: [ies.campo.san.alberto@edu.xunta.es](mailto:ies.campo.san.alberto@edu.xunta.es)

# ÍNDICE

1.	<b>NOVAS NORMAS E CONVIVENCIA</b>	<b>3</b>
2.	<b>PREVENCIÓN XERAL</b>	<b>4</b>
3.	<b>NA CASA, ANTES DE VIR AO CENTRO</b>	<b>5</b>
4.	<b>USO DA MÁSCARA E HIXIENE DE MANS</b>	<b>8</b>
5.	<b>ENTRADAS E SAÍDAS ESCALONADAS</b>	<b>9</b>
6.	<b>RECREOS E ZONAS DE LECER</b>	<b>11</b>
7.	<b>DESPRAZAMENTOS INTERNOS</b>	<b>13</b>
8.	<b>USO DE ASEOS</b>	<b>16</b>
9.	<b>ORGANIZACIÓN NAS AULAS</b>	<b>17</b>
10.	<b>AULA VIRTUAL</b>	<b>19</b>
11.	<b>TITORÍAS COAS FAMILIAS</b>	<b>20</b>
12.	<b>ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19</b>	<b>21</b>

## 1. NOVAS NORMAS E CONVIVENCIA

- O curso 2020-2021 no IES Campo de San Alberto está adaptado á nova normalidade derivada do COVID-19 seguindo as instrucións conxuntas das Consellerías de Educación e Sanidade no “*Plan de Adaptación á situación Covid-19 no curso 2020-2021*”.
- As novas normas de organización, funcionamento e convivencia deste curso escolar son de obrigado cumprimento para toda a comunidade educativa.
- O **non cumprimento dalgunha das normas COVID-19** terá a **consideración de condutas leves contrarias á convivencia** seguindo o Protocolo de Incidencias do centro educativo e do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Os supostos de **incumprimento polo alumnado do uso da máscara** nos tempos e lugares que sexan obrigatorios e o incumprimento das instrucións do profesorado en aplicación do protocolo COVID-19 **poderán ser motivo da apertura dun parte de incidencias por conduta leve contraria á convivencia**, coa conseguinte medida correctora.

## 2. PREVENCIÓN XERAL

- **EVITA O CONTACTO**
- **DISTANCIA DE SEGURIDADE DE 1,5 m**
- **LEVA SEMPRE A MÁSCARA**
- **HIXIENIZA AS MANS CON FRECUENCIA**
- **LIMPA MATERIAL COMPARTIDO CON XEL**
- **TUSE OU ESBIRRA NO CÓBADO**
- **AVISA AO PROFESORADO SE TE ATOPAS MAL**




### 3. NA CASA, ANTES DE VIR AO CENTRO

- A familia comprométese mediante unha **declaración responsable\*** (ver páxina 5) a realizar a **enquisa de síntomas** (ver páxina 6) diariamente antes de que o alumnado acuda ao centro. A realización desta enquisa ten como función detectar sintomatoloxía relacionada coa COVID-19 e previr posibles contaxios.

\*Haberá un modelo de declaración responsable para as familias e outro modelo para o alumnado maior de idade (responsable por si mesmo das cuestións que neste documento se especifican).

A continuación seguen as instrucións a pos da realización da enquisa de síntomas:



- Poñer máscara e levar ao centro unha segunda máscara de recambio nun estoxo específico (desinfectado) e recoméndase traer panos desbotables e xel hidroalcolico.
- Recoméndase rotular todo o material co nome do alumno/a e gardalo nun estoxo para material.

**CURSO 2020/2021**

**DECLARACIÓN RESPONSABLE COVID-19**

**FAMILIAS**

D./Dña \_\_\_\_\_

con DNI \_\_\_\_\_ como pai/nai/titor legal do **alumno/a**:

matriculado/a no IES CAMPO DE SAN ALBERTO no **curso**: \_\_\_\_\_

confirma que foi informado de que o alumnado con calquera sintomatoloxía aguda non pode acceder ao centro educativo e que se poden establecer mecanismos para a identificación dos síntomas á entrada ao centro.

E declara responsablemente que realizará ao alumno/a a Enquisa de Autoavaliación clínica do COVID e que se compromete a NON enviálo ao centro e mantelo en illamento preventivo domiciliario nos seguintes supostos:

- Se o alumno/a ten síntomas compatibles coa COVID-19, poñéndose en contacto co seu pediatra e con algunha das persoas membros do equipo COVID do centro educativo.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumno/a non poderá acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

En Noia a, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**Sinatura:**

## ENQUISA DE SÍNTOMAS



### ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

Presentou nas últimas 2 semanas?		SI	NON
Síntomas respiratorios	Febre maior de 37,5°C		
	Tose seca		
	Dificultade respiratoria		
Outros síntomas	Fatiga severa (cansazo)		
	Dor muscular		
	Falta de olfacto		
	Falta de gusto		
	Diarrea		

Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.

		SI	NON
CONVIVIU nas últimas 2 semanas?	cunha persoa COVID-19 + confirmado?		
	cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?		

## 4. USO DA MÁSCARA E HIXIENE DE MANS

- Deberemos usar correctamente a máscara durante toda a xornada lectiva, asegurando que esta cobre nariz e boca sempre e poñendo atención ao tempo de uso.



- Hixiene de mans 5 VECES ao longo da xornada: lavado durante 40 segundos con auga e xabón ou 20 segundos con xel hidroalcolico.



- Cando se use material susceptible de ser compartido (dicionarios, ferramentas, instrumentos musicais, etc) o alumnado debe hixienizar as mans antes e despois de utilizalo e asegurarse que o material estea desinfectado polo anterior usuario.



## 5. ENTRADAS E SAÍDAS ESCALONADAS



### PORTA PRINCIPAL:

- ESO
- FP Básica
- EPA

### PATIO CENTRAL:

- Bacharelato

### PATIO TRASEIRO:

- Ciclos Formativos

## QUENDA DE MAÑÁ

ENTRADA 8:25-8:45h	SAÍDA 14:20-14:25h
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Individual e flexible á chegada do transporte.</li> <li>• Ás 8:45h comeza 1º sesión lectiva.</li> </ul>	<p>En ringleira, acompaña o profesorado de aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 14:20h: alumnado e profesorado das Plantas 0 e 1.</li> <li>• 14:25h: alumnado e profesorado das Plantas 2 e 3.</li> </ul>

## QUENDA DE TARDE

ENTRADA 16:00-16:20h	SAÍDA 17:55-18:00h
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Individual e flexible á chegada do transporte.</li> <li>• Ás 16:20h comeza 1º sesión lectiva.</li> </ul>	<p>En ringleira, acompaña o profesorado de aula:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• 17:55h: alumnado e profesorado das Plantas 0 e 1.</li> <li>• 18:00h: alumnado e profesorado das Plantas 2 e 3.</li> </ul>

\*Alumnado da EPA segundo o seu horario.

## 6. RECREOS E ZONAS DE LECER

### TEMPOS

1º RECREO	2º RECREO
<b>SAÍDA</b> <b>10:25h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 0 e 1.</b> <b>10:30h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 2 e 3.</b>	<b>SAÍDA</b> <b>12:25h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 0 e 1.</b> <b>12:25h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 2 e 3.</b>
<b>ENTRADA</b> <b>10:45h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 0 e 1.</b> <b>10:50h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 2 e 3.</b>	<b>ENTRADA</b> <b>12:45h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 0 e 1.</b> <b>12:50h</b> alumnado e profesorado <b>Plantas 2 e 3.</b>


### ZONAS DE RECREO

**PATIO EXTERIOR:** para todo o alumnado mantendo a distancia 1,5m.

- 4 zonas de recreo cubertas para cada nivel ESO (aforo 30).
- Biblioteca con aforo limitado.
- Cafetería con aforo limitado.

PATIO CENTRAL	PATIO LATERAL	XIMNASIO	HALL ENTRADA
PC	PL	XIM	HE

CURSOS	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
1º ESO	PC	PL	XIM	HE	PC
2º ESO	PL	XIM	HE	PC	PL
3º ESO	XIM	HE	PC	PL	XIM
4º ESO	HE	PC	PL	XIM	PC



## 7. DESPRAZAMENTOS INTERNOS


### CORREDORES

- **Circulación sempre pola dereita** en corredores e escaleiras (hai frechas sinalando).
- Cambio de aula ou outro espazo sempre co **acompañamento do docente da sesión anterior** e en ringleira de un.


### ESCALEIRAS

Cando sexa preciso cambiar de planta, farase uso das escaleiras correspondentes ao corredor que queremos acceder. Ver plano.


### ANDAR 0




ANDAR 1



ANDAR 2



**ANDAR 3**

## 8. USO DE ASEOS

- Novos **aseos individuais** situados nos **corredores centrais** do 1º e 2º andar (antigos aseos de profesorado).
- O **uso dos aseos estará limitado**, co permiso do docente, durante as horas de clase, a unha vez na xornada lectiva.
- **Nos recreos utilizaranse os aseos do ximnasio e zona de cafetería.**
- **Evitar aglomeracións** nos corredores durante as esperas, coa **distancia de seguridade.**
- Acudir exclusivamente ao aseo da mesma planta que a aula.
- **Extremar as medidas de hixiene** e limpeza no seu uso.
- O alumnado deberá **hixienizar as mans á saída do mesmo.**



## 9. ORGANIZACIÓN NAS AULAS

### AULA DE GRUPO

#### Disposición das mesas cadeiras

- **Separación de 1,5m** entre centro e centro de mesa.
- A **colocación das mesas é fixa**, non podendo mover esta nin intercambiar o posto asignado o primeiro día a cada alumno/a.

#### Ventilación das aulas

A ventilación das aulas será responsabilidade do docente que imparte clase no horario de ventilación. Este horario estará dispoñible nas aulas, contando con 4 ventilacións na quenda de mañá e 4 ventilacións na quenda de tarde. Cada ventilación son 15 minutos.

#### Responsabilidade do alumnado

A última hora, tanto na quenda de mañá coma na de tarde, o alumnado deberá deixar a cadeira enriba da mesa para facilitar a limpeza e desinfección das mesmas.

### AULAS MATERIA E OUTROS ESPAZOS

**Os seguintes espazos terán un protocolo individual de organización e hixiene:** TALLERES (TECNOLOXÍA, TELECOMUNICACIÓNS, FP BÁSICA), AULAS DE INFORMÁTICA (AULA MENTOR, XERAL, ADMINISTRATIVO), AULA DE MÚSICA, AULAS DE DEBUXO, LABORATORIOS (CS LABORATORIO, BIOLOXÍA, QUÍMICA, FÍSICA), XIMNASIO, BIBLIOTECA, AULA COVID (Aula de Convivencia), CAFETERÍA.

O **profesorado e persoal** encargado **dará a coñecer as medidas aos usuarios.**

Recoméndase que en calquera aula na que houbera un grupo na hora anterior, este hixienice pupitres e cadeiras. Será responsabilidade do grupo entrante asegurarse de que a aula está hixienizada. De non estar seguros, debe hixienizala o grupo que entra.


## 10. AULA VIRTUAL

Acceso a través da páxina web do centro:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iescamposanalberto>



Se facemos click sobre un curso (no exemplo 1º ESO A) accedemos ao mesmo:



O alumnado terá unha sesión formativa de competencia dixital durante o mes de setembro.

- Consultar horario de cada grupo na web

Dende a casa podes ver como funciona a través do VIDEOTUTORIAL FUNCIONAMENTO BÁSICO disponible na páxina web do centro.

## 11. TITORÍAS COAS FAMILIAS

Para concertar unha **sesión de titoría cun docente**, as familias deben pedir **cita previa no 881 867 135**. Deberán deixar un número de contacto.

O profesorado chamará á familia o día e hora indicado na cita.

**Excepcionalmente**, cando a situación non permita comunicación telefónica, poderán concertarse **titorías presenciais con cita previa** na aula de Atención a Familias dotada de mampara, desinfectante, solución hidroalcohólica, panos desbotables e papeleira de pedal.

### COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

- EMAIL: [ies.campo.san.alberto@edu.xunta.es](mailto:ies.campo.san.alberto@edu.xunta.es)
- TELÉFONO: 881 867 135
- WEB DO CENTRO
- ABALAR MÓBIL
- NOTAS INFORMATIVAS

## 12. ACTUACIÓN ANTE UN POSIBLE CASO DE COVID-19

A familia dun alumno ou alumna con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra/médico de familia para que este avalíe a necesidade de solicitude dunha proba diagnóstica. Este alumno/a non acudirá ao centro mentres agarda o diagnóstico.

Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19, o alumnado ou o persoal do centro que convivan con ela non poderán acudir ao centro ata que se coñeza o resultado da proba e sexa negativo. A persoa afectada ou a súa familia comunicarán o resultado á persoa coordinadora COVID do centro.

As ausencias derivadas de esta causa terán a consideración de xustificadas aos efectos do protocolo de prevención de absentismo escolar.

Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno/a da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase un protocolo de actuación previsto con antelación:

- Levarase a Aula COVID, colocaráselle unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.
- O/A responsable legal (pai, nai, tior...) do alumno/a chamará ao seu centro de saúde de Atención Primaria para solicitar consulta, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións.

- En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061 dende o propio centro educativo de ser preciso.